

Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convoca a participación en proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística para os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso académico 2021/2022 e se establecen as bases reguladoras para realizalos

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e de o potenciaren en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, así como de disporen os medios para facilitar o seu coñecemento. Daquela, a Administración educativa debe fomentar o uso da lingua propia da Comunidade Autónoma en distintos espazos e situacións de comunicación dos centros educativos.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14.07.1983) establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos. Así mesmo, estipula que as autoridades educativas da comunidade autónoma garantirán que, ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado coñeza este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (BOE núm. 222, do 15.09.2001), asinada por España e outros estados membros en Estrasburgo en 1992 e ratificada por España en 2001, prevé que na educación preescolar, primaria e secundaria se garantan as linguas rexionais ou minoritarias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE núm. 106, do 04.05.2006) establece como unha das finalidades da educación o logro da competencia nas dúas linguas oficiais das comunidades autónomas con idioma propio.

Pola súa parte, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG núm. 97, do 25.05.2010) aposta por afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, por reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e por facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz.



Alén diso, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, conclúe que a nova realidade social en que nos movemos e os novos retos que esta nos propón demandan que o uso do galego se prolongue no ámbito que rodea os centros, de xeito que a mocidade galega atope nel espazos onde se comunicar con normalidade na lingua propia de Galicia. Así mesmo, anímanos a recoñecer que, dado que a nosa é unha lingua de futuro, debe ser presentada como tal e relacionarse con ámbitos de interese para a mocidade.

Ademais das previsións normativas, cómpre ter en conta que os estudos máis actualizados sobre a adquisición de idiomas revelan que esta se realiza, en boa medida, nas variadas situacións de comunicación que se producen fóra das aulas de lingua e que é imprescindible usar o galego en diferentes contextos para acadar o seu dominio pleno.

Por iso, a través desta convocatoria, preténdese fomentar o desenvolvemento de proxectos educativos innovadores que impliquen o uso da lingua galega e impulsen o coñecemento cultural que garanta unha plena competencia comunicativa neste idioma.

En consecuencia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e mais a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

RESOLVEN:

Convocar os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para presentaren proxectos educativos de innovación en dinamización lingüística durante o curso académico 2021/2022, segundo as seguintes bases.

BASES

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

O obxecto desta disposición é convocar os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que presenten proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística e determinar as condicións e os requisitos destes, co fin de outorgar as contías para os desenvolver no curso académico 2021/2022.



Artigo 2. Número de proxectos seleccionados e dotación económica

Entre todos os proxectos presentados seleccionaranse cinco, que terán a consideración de excelentes. Cada un deles recibirá:

1. Unha dotación económica de 2 000 euros.
2. Apoio e asesoramento tanto na fase de elaboración do proxecto como durante o seu desenvolvemento. Este será prestado polas persoas coordinadoras do ámbito territorial dos equipos de dinamización da lingua galega.
3. Difusión dos proxectos, das experiencias e dos materiais educativos producidos a través da rede e do Portal da lingua galega, o *web* da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal).

Poderán concederse, a xuízo da Comisión de Selección, ata un máximo de dúas mencións de honra, sen dotación económica.

Artigo 3. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria todos os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Están obrigados a participar os centros públicos admitidos no programa Proxectos de innovación en dinamización lingüística do Plan Proxecta+ 2021-2022, convocado pola Resolución do 21 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula o Plan Proxecta+ e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso 2021/2022.

Cada proxecto poderá ser desenvolvido por un só centro ou por un agrupamento de dous ou tres. En calquera dos casos, deberá formalizarse unha única solicitude.

Artigo 4. Profesorado participante

O límite de docentes de cada centro admitidos no proxecto será de dez. Polo menos un destes membros deberá pertencer ao EDLG.

Ao equipo directivo do centro ou centros que poñan en práctica os proxectos correspóndelle velar pola súa execución e designar a persoa coordinadora entre o profesorado participante.



Cando dous ou tres centros se agrupen para presentar un proxecto, as direccións deberán designar, ademais, a persoa coordinadora xeral do proxecto, que será unha das coordinadoras dos centros agrupados.

Estas designacións terán efecto para o curso escolar 2021/2022.

As funcións da persoa coordinadora do proxecto serán:

1. Asesorar o profesorado do centro durante o desenvolvemento do proxecto.
2. Establecer canles para a difusión da experiencia e para o intercambio de información entre a comunidade educativa e con outros centros e/ou outras entidades.
3. Impulsar actuacións tendentes á ampliación e á mellora do proxecto.
4. Orientar o profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles.
5. Fomentar a creación de contidos educativos vinculados á dinamización lingüística, especialmente os de tipo audiovisual e informático, e impulsar a súa difusión entre a comunidade educativa por parte do profesorado do centro; actuar de enlace coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional.
6. Distribuír as funcións e as tarefas que vai realizar cada docente participante no proxecto.

As funcións da persoa coordinadora xeral serán, ademais das anteriores, as seguintes:

1. Establecer canles para o intercambio de información entre os centros integrados no proxecto.
2. Actuar de enlace coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Artigo 5. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo para solicitar a participación comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *web* da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal) e no Portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e rematará o 10 de marzo de 2022.



Artigo 6. Formalización e presentación das solicitudes

1. A solicitude formalizará a persoa directora do centro, segundo o modelo que figura como anexo I desta convocatoria, e deberá achegarlle a documentación que se indica a continuación:

a) Descrición do proxecto, cunha extensión máxima de 33 000 caracteres (espazos incluídos), segundo a estrutura establecida no anexo II. Presentarase en formato dixital pdf e mais en versión editable. Na portada incluírá o título do proxecto, o nome do centro ou centros e os logos da Xunta de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e dos equipos de dinamización da lingua galega (EDLG).

b) Unha ficha resumo do proxecto, coa desagregación de gastos (anexo III).

c) A relación do profesorado do centro que participa no proxecto —ou dos centros, no caso de proxectos intercentros— coa indicación concreta e específica das funcións (coordinador ou participante) que vai desempeñar cadaquén (anexo IV).

d) Unha certificación expedida pola Dirección na que conste que o Claustro do profesorado e o Consello Escolar foron informados do proxecto e acordaron que se desenvolvese no centro e que este conta coa correspondente autorización para o uso das imaxes das persoas menores que participan nel (anexo V).

2. A solicitude de participación e a documentación complementaria presentarase obrigatoriamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento xenérico PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>.

Estará asinada polo director ou directora do centro e dirixirase á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; no asunto mencionará os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística e o nome do centro.

Coa solicitude achegaranse os anexos I, II, III, IV e V que acompañan esta convocatoria, debidamente cubertos.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



Artigo 7. Características dos proxectos

1. Os proxectos deberán ser novos e orixinais e incluír accións de innovación educativa en dinamización da lingua galega que revertan positivamente na dinámica lingüística habitual do centro escolar e xeren melloras permanentes na práctica docente e na realidade educativa.

Deben cumprir as seguintes condicións mínimas para seren considerados innovadores: incluír melloras substanciais na práctica profesional que revertan nun impacto sobre o proceso educativo establecido, mellorar os resultados do proceso mantendo o esforzo inicial, ser duradeiros e ter un alto índice de utilización por e para a comunidade educativa onde se pretenden introducir.

2. Os proxectos deseñaranse para que durante a súa execución acaden os obxectivos lingüísticos que perseguen e deberán fomentar algún ou varios dos seguintes aspectos:

a) O galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas e a transmisión interxeracional.

b) O uso e valoración da lingua galega a través das tecnoloxías da información e da comunicación (en relación co formato das actividades e produtos, materiais e recursos que se realizarán, canles de difusión etc.).

c) O achegamento do alumnado procedente do estranxeiro e das súas familias á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega e, en xeral, o incremento do uso e valoración positiva da lingua galega entre o alumnado neofalante.

d) A colaboración con entidades culturais, académicas, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais ou doutras zonas para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.

e) O fortalecemento dos vínculos coa lusofonía e con outras realidades lingüísticas como posibilidade de internacionalización da lingua galega.

Os centros pódense centrar naqueles aspectos que consideren máis necesarios na súa contorna, en función da súa situación sociolingüística. O fomento dun número maior deles valorarase de forma positiva.

3. Deberán implicar o maior número posible de alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos do centro ou centros. Terán carácter cooperativo e procurarán a colaboración de diferentes departamentos, equipos, niveis, ámbitos,



materias, áreas e/ou módulos do centro ou centros (incluído o equipo de dinamización da lingua galega).

4. Valorarase que os proxectos impliquen representación de diferentes niveis do sistema educativo, áreas ou departamentos e/ou que sexan realizados conxuntamente entre varios centros.

5. Os proxectos incluírán a información indicada no anexo II. Deben conter a/s ligazón/s (de webs, blogs, plataformas, aulas virtuais etc.) onde aparecerán publicadas as actividades, materiais e recursos descritos neles e realizados para desenvolvelos; nestes inserirase o logotipo da Xunta de Galicia e dos EDLG.

6. A presentación, redacción e corrección lingüística dos proxectos deben ser obxecto dunha atención especial.

7. De cara á planificación e ao desenvolvemento dos proxectos durante o curso 2021/2022, o profesorado participante terá en conta a previsión dos posibles escenarios de ensinanza-aprendizaxe que se puideren dar en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou posibles períodos de confinamento.

Os proxectos deben estar deseñados para que se poidan seguir desenvolvendo nunha situación de ensino a distancia ou semipresencial, con estratexias de adaptación a esta situación, con actividades e produtos que sexa posible realizar sen necesidade de reunións presenciais ou de grupo, e con sistemas de comunicación virtuais (p. e. Cisco Webex, Falemos Edu etc.).

As actividades, materiais e produtos poderanse adaptar e tamén será posible incorporar outros novos relacionados co proxecto que se poidan desenvolver de forma telemática se a situación sanitaria esixir un cambio de escenario; con todo, é conveniente describir no deseño inicial estas propostas alternativas.

Artigo 8. Xestión da convocatoria

A Secretaría Xeral de Política Lingüística realizará a xestión desta convocatoria. Este organismo poderalles requirir aos centros solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para tramitar o expediente e tamén poderá dispor que se realicen as comprobacións oportunas dos datos achegados nas solicitudes.

Unha vez que se reciba a solicitude, comprobarase se reúne os requisitos esixidos e se vai acompañada da documentación preceptiva. En caso contrario, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de 10 días, emende e/ou complete os



documentos e achegue os datos necesarios e advertiráselle de que, de non facelo así, se considerará que desistiu da súa petición e esta será arquivada, logo de emitir a resolución nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 9. Comisión de Selección dos proxectos

1. Para seleccionar os proxectos que concorran á convocatoria creárase unha comisión de selección que será presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou pola persoa en quen delegue, e estará integrada polos seguintes membros:

a) Unha persoa asesora técnica designada pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

b) As persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega do ámbito territorial.

c) O coordinador ou coordinadora central dos equipos de dinamización da lingua galega.

d) Un funcionario ou funcionaria da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que considere e que poderá estar integrada por persoas asesoras técnicas da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

3. Os membros da comisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 02. 10. 2015).

Artigo 10. Criterios de valoración dos proxectos (anexo VII)

A Comisión de Selección valorará os proxectos en función dos seguintes criterios:

1 O interese educativo do proxecto: máximo 50 puntos.

a) O grao de innovación dentro do contexto sociolingüístico do centro: máximo 10 puntos.



b) A idoneidade dos obxectivos e adecuación destes ao Plan xeral de normalización da lingua galega; proposta metodolóxica; contidos (descrición de actuacións e recursos); sistema de seguimento e avaliación: máximo 10 puntos.

c) A contribución ao incremento do uso da lingua, á eliminación de prexuízos lingüísticos entre a comunidade educativa e á posta en valor do galego como lingua de interese e con proxección de futuro para a mocidade: máximo 10 puntos.

d) As propostas específicas de atención á diversidade e as medidas para fomentar os valores democráticos, en especial a igualdade: máximo 5 puntos.

e) O fomento dos aspectos recollidos no artigo 7.2: máximo 15 puntos.

2 A calidade formal e lingüística (presentación, orde e claridade na redacción, corrección): máximo 10 puntos.

3 A viabilidade, xestión e impacto do proxecto: máximo 20 puntos.

a) O grao de implicación da comunidade educativa e doutros colectivos nas actuacións e a garantía de continuidade do proxecto: máximo 5 puntos.

b) O grao de participación activa de profesorado de distintas materias e alumnado de distintos niveis e visibilidade desta: máximo 5 puntos.

c) O alcance e impacto do proxecto (canles e medidas de difusión e espallamento e a extensión e visibilidade das accións emprendidas): máximo 5 puntos.

d) A viabilidade do proxecto e capacidade de adaptación ás circunstancias sociosanitarias: máximo 5 puntos.

4 A colaboración entre centros. Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística realizados mediante a agrupación de dous ou tres centros: 10 puntos.

5 Proxectos de centros que non recibiron dotación económica na convocatoria de 2020-2021: 10 puntos.

Non obstante, os centros con proxectos cualificados como excelentes na convocatoria de 2020-2021 poderán puntuar neste apartado no caso de se presentaren agrupados con outros centros.

Artigo 11. Resolución da convocatoria

Logo de analizar as solicitudes presentadas, a Comisión de Selección avaliará os proxectos admitidos de acordo cos criterios de valoración establecidos e emitirá un



informe de valoración. A presidenta da Comisión de Selección, con base neste informe, emitirá a proposta de resolución, dirixida ás persoas titulares da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que conterá a relación dos proxectos seleccionados como excelentes e aqueles aos que se lles outorga a mención de honra, de ser o caso.

A resolución conxunta da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional publicarase no Portal da lingua Galega da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal) e no Portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>), no prazo máximo de 6 meses desde a data do remate do prazo de presentación das solicitudes. De non facelo así, as persoas solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

Artigo 12. Contía e financiamento

A cantidade total destinada aos cinco proxectos seleccionados é de 10 000 euros. O importe transferiráselles aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico de 2022. O pagamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 10 50 151A 640.1 dos orzamentos de 2022 da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Artigo 13. Xustificación da execución do proxecto

Antes do 30 de xuño de 2022, a persoa coordinadora de cada un dos proxectos que reciban a consideración de excelentes enviaralle á Secretaría Xeral de Política Lingüística (a través da Sede Electrónica e mediante o mesmo procedemento que o empregado para enviar a solicitude) a seguinte documentación xustificativa, en soporte dixital:

1. A memoria das actuacións realizadas para desenvolver o proxecto. Enviaraa no prazo arriba indicado, co visto e prace da dirección do centro ou centros participantes (anexo VIII).

Este documento deberá conter unha descrición xeral do proxecto realizado e detallar o grao de consecución dos obxectivos propostos, as actividades desenvolvidas, o grao de implicación do centro e da comunidade educativa e a produción de materiais. Así mesmo, incluírá a avaliación realizada, os resultados das actividades executadas no marco do proxecto e a súa incidencia na promoción



da lingua, as propostas de incorporación dos logros acadados á práctica docente do centro e as conclusións xerais.

Tamén incluírá as ligazóns aos webs, blogs, aulas virtuais etc. onde estean publicados os materiais, actividades e recursos elaborados no desenvolvemento do proxecto.

A dirección do centro ou dos centros incluírá esta memoria na memoria final do curso que lle remite á Inspección Educativa.

2. A certificación da dirección do centro onde conste a relación do profesorado participante no proxecto. Incluírá o nome e os datos do centro ou centros participantes e o nome e o NIF de cada docente do centro que participou de forma activa nel. No caso de proxectos intercentros, cada dirección emitirá unha certificación (anexo IX).

3. A xustificación de gastos segundo a normativa da convocatoria, que deberá incluír a copia das facturas orixinais e o xustificante bancario da realización do pagamento. Os xustificantes orixinais quedarán depositados no centro ou centros, á disposición dos órganos de control económico da Administración.

4. No caso de que se lle conceda outra axuda para o mesmo proxecto no prazo de vixencia desta convocatoria, a dirección do centro deberá comunicarllo á Secretaría Xeral de Política Lingüística. Respecto disto, aplicarase o disposto no artigo 11 d) e no 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25.06.2007), segundo o cal o importe da dotación económica minorará cando a súa contía, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o 100 % do custo da actividade subvencionada.

Artigo 14. Incumprimentos

A constatación da existencia de calquera incumprimento das condicións que motivaron a concesión da dotación económica dará lugar á devolución á Secretaría Xeral de Política Lingüística da cantidade percibida, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

1. Que no proceso de seguimento e avaliación dos proxectos se detecte que non alcanzan minimamente o grao de realización previsto no seu deseño.



2. Que incumpran algunha das condicións establecidas para a súa concesión ou non acheguen a memoria. Este feito suporá a obriga de reintegro total ou parcial do importe percibido.

Artigo 15. Asesoramento, seguimento e avaliación dos proxectos

Sen prexuízo da colaboración que poidan prestar outras institucións ou organismos, as persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega do ámbito territorial ofrecerán apoio e asesoramento, tanto na fase de elaboración do proxecto como na do seu desenvolvemento. Así mesmo, desempeñarán funcións de seguimento e avaliación dos proxectos premiados nos centros da súa área de influencia.

Artigo 16. Procedemento para o seguimento e a avaliación dos proxectos

O procedemento de seguimento e avaliación será o seguinte:

1. As persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega do ámbito territorial manterán un contacto permanente cos centros seleccionados e poderanlles solicitar calquera dato ou informe que consideren necesario para comprobaren o estado da súa execución.
2. Ao finalizar o curso, realizarán un informe do desenvolvemento dos proxectos premiados do seu ámbito territorial e remitiranllo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.
3. No caso de que ao longo do curso se producise calquera incidencia significativa no desenvolvemento do proxecto seleccionado, comunicaranlla á Secretaría Xeral de Política Lingüística, que adoptará as medidas pertinentes.

Artigo 17. Recoñecemento da participación

O profesorado implicado activamente no desenvolvemento de cada un dos 5 proxectos seleccionados recibirá unha certificación de Primeiro Premio de Innovación Educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante. No caso de proxectos intercentros, a persoa coordinadora recibirá unha soa certificación.



O profesorado que participase de forma activa no desenvolvemento dos proxectos recoñecidos, de ser o caso, coa mención de honra recibirá unha certificación de accésit.

Artigo 18. Difusión das experiencias e materiais elaborados

Os proxectos seleccionados serán publicados no Portal da lingua galega da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal/) e no Portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal/, <http://www.edu.xunta.gal/portal/>). A participación nesta convocatoria implicará, no caso dos traballos seleccionados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión dos dereitos de propiedade intelectual de contido patrimonial a prol do organismo que convoca.

Artigo 19. Protección de datos

No desenvolvemento desta convocatoria respectarase cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06.12.2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercer outros dereitos nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de Política Lingüística O secretario xeral de Educación e
Formación Profesional

Valentín García Gómez

Xosé Luis Mira Lema

